3.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

4.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.-Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.-Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

10.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.





6.- CONCLUSIÓN.

Á vista da instancia presentada pola **Comunidade de Propietarios do edificio de vivendas emprazado na rúa Monumento nº 13 de Riveira** solicitando licenza municipal para obras contidas no Proxecto básico e de execución para a **instalación dun ascensor no edificio de vivendas** sito na rúa Monumento nº 13 de Riveira, e redactado redactado arquitecto técnico Alfonso Jove Jove, e comprobando as condicións fixadas no artigo 142.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira, e o RDUG, **infórmase favorablemente o expediente**, sen prexuízo do que decida a Xunta de Goberno Local como órgano competente para o outorgamento de licenzas, podéndose conceder esta sempre e cando se axuste ao sinalado nos apartados de condicións deste informe, procedendo para a súa concesión segundo os artigos 143 e 144 da LOUGA. Segundo o artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a licenza concederase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Riveira, 10 de abril de 2017.

Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)

“


FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela onde se atopa a edificación obxecto da solicitude da presente obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, *“comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”*

Segundo.- O artigo 15 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, establece que nas obras de ampliación de edificios e nas obras de ampliación de vivendas, será preciso cumprir coas determinacións das normas NHV-2010 ou dos anexos de habitabilidade aos que fai referencia no capítulo VI, exclusivamente na parte ampliada do edificio ou vivenda.

Nas obras de ampliación de edificios será preciso instalar un ascensor no edificio cando éste carezca del, se creen novas vivendas e a porta de acceso a éstas esté sita por encima da terceira planta dende o nivel de acceso do edificio.

Terceiro.- O artigo 16 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto establecendo que os promotores das actuacións de rehabilitación ou de ampliación de edificios ou vivendas existentes, construídos ao amparo da normativa de habitabilidade anterior a este decreto, poderán solicitar a través dos concellos a





excepción do cumprimento das condicións de habitabilidade establecidas no mesmo si, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións de estas normas.

As determinacións da normativa de habitabilidade que poden ser excepcionadas de cumprimento e os límites e condicións para autorizar dita excepción recóllense no anexo II a este decreto.

A súa tramitación ante o Concello inciarase coa presentación da solicitude por parte do promotor da actuación. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do solar nos casos aos que fai referencia o artigo 7º e a proposta de intervención.

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto no que se recolla a relación detallada das determinacións das presentes normas que se incumpren no mesmo e a xustificación dos motivos que imposibiliten ou acosellen o seu incumprimento.

O procedemento axustárase ás normas da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común. O concello resolverá e notificará no prazo máximo de seis meses sobre a actuación da execpcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións das NHV-2010 cuio cumprimento se exceptúa e aquelas outras para as que non, figurando na solicitude presentada, non se considera xustificado autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento. Ante a falta de resolución expresa transcurridos seis meses dende a solictude, os interesados poderá entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, de acordo co disposto no artigo 43 Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común.


Cuarto.- O artigo 17 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula as propostas dos criterios a seguir elaboradas polo IGVS, onde establece que para garantir a labor de coordinación de criterios e a correcta e uniforme aplicación dos mesmos polas entidades locais, o IGVS poderá, oído o Comité Asesor de Habitabilidade, elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios a seguir á hora de resolver as solicitudes de excepción no cumprimento destas normas.

Aos mesmos efectos do punto anterior, os Concellos deberán remitir semestralmente á Dirección Xeral do IGVS a relación de expedientes de excepcionalidade tramitados que incluírá:

- a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que acompaña.
- b) A resolución emitida polo Concello.

O IGVS poderá reclamar aos Concellos e con relación a ditos expedientes, a documentación complementaria que estime oportuna.

Quinto Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e





asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

Sexto.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

Sétimo.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

Oitavo.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.


d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

Noveno.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.





Décimo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Acta da Xunta de propietarios de dta 15 de xuño de 2016 no que se aproba a o orzamento para a realización do ascensor que de servizo ao edificio de referencia, Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Habitat de 2 de marzo de 2017, Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017 redactado por Alfonso J. Jove Jove.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.


Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.


Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

Decimoprimeiro.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

Decimosegundo.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Décimoterceiro.- O artigo 147 da Lei do Solo establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que


Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

Décimocuarto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Décimoquinto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, a **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/03/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de





Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/03/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MARY, RÚA MONUMENTO Nº 13, RIVEIRA, en virtude do artigo 17.2 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, **AUTORIZACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE** do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas, no que respecta á edificación existente sita na Rúa Monumento nº 13, Riveira en parcela con refª catastral nº 0713901NH0101S, de acordo coas determinacións do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Habitat de 2 de marzo de 2017, Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017 redactado por Alfonso J. Jove Jove:


- *Darase trasladada do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.*

Segundo.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MARY, RÚA MONUMENTO Nº 13, RIVEIRA, **LICENZA DE OBRAS (Nº 23/17)** para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR** en edificación existente sita na Rúa Monumento nº 13, Riveira en parcela con refª catastral nº 0713901NH0101S, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Habitat de 2 de marzo de 2017, Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 2 de marzo de 2017 redactado por Alfonso J. Jove Jove.

Terceiro.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

Quinto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do



Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Oitavo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Noveno.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



3.- Visto o escrito presentado por **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de data 11/04/2017 (Registro de entrada nº 6.044), no que achega proxecto de execución



visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 4 de abril de 2017, Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 11 de abril de 2017 e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visar, para engadir a expediente de licenza de obras nº 15/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 24/04/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 02/05/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 15/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de abril de 2017 á entidade *FRINSA DEL NOROESTE S.A.*, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 4 de abril de 2017 redactado por Alejandro Reino Río, Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de data 11 de abril de 2017 e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visar:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Francisco Fernández Fernández**, de data 10/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.587), no que solicita certificación sobre o carácter e titularidade da estrada coa que lindan as fincas con referencias catastrais nº 15074A018000450000KH e 15074A018001030000KE.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 11/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastrais: 15074A018000450000KH e 15074A018001030000KE

Según consulta efectuada en documentación existente na Oficina Técnica Municipal se pode informar, que as fincas con referencias catastrais arriba indicadas lindan ambas polo vento Sur coa estrada Martín-Touro, de titularidade municipal.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2.- Visto o escrito presentado por **María Eugenia Argibay Suárez**, de data 02/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.095), no que solicita certificación sobre a natureza rústica da parcela con referencia catastral nº 15074A921004080000UF.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 12/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A921004080000UF

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 17/12/2002, a finca con referencia catastral arriba indicada está clasificada como Solo Rústico Común.

3.- Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 12/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.765), no que solicita certificación urbanística de Modorróns, praia da Corna, Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Categoría do solo: Dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos –
Servidume de Protección de Costas

LEGISLACIÓN APLICADA

-Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02

Artículo 159: Ordenanza 8.1 - Dotacional de equipamientos de espacios verdes públicos


Definición


Se trata de una ordenanza que regula las condiciones de la edificación que ha de ser utilizada con fines ocio - culturales y deportivos, siempre de carácter provisional, dentro de las áreas de espacios libres de uso público.

Se pretende redactar una ordenanza de aprovechamiento muy restringido que permita la aparición de pequeños kioscos u otros servicios complementarios de carácter desmontable que complementen las actividades de esparcimiento y reposo de los usuarios.

Ámbito: El ámbito de aplicación son los espacios libres y zonas verdes de uso público.

Obras admisibles: Son admisibles únicamente las obras de montaje y desmontaje de elementos arquitectónicos prefabricados desmontables, así como de las infraestructuras necesarias para su utilización, que deberán quedar ocultas y registrables mediante las correspondientes arquetas de acometida, quedando cedidas al municipio en caso de desmontaje de las edificaciones por extinción de las concesiones.





Usos globales. Características. Compatibles y Prohibidos: El uso global es el de dotacional de equipamientos.

El uso pormenorizado característico es el de equipamiento de espacios libres de uso público.

Quedan prohibidos expresamente todos los usos que no tengan una relación de estricta dependencia del uso característico. Es decir, sólo se admitirán los kioscos de restauración y prensa, los aseos y servicios de mantenimiento de la jardinería y aquellas construcciones desmontables de utilización esporádica que sean adecuadas para la utilización pública de estos espacios y que no pongan en peligro el carácter libre de los mismos.

Tipologías edificatorias: La tipología edificatoria para esta zona es la de edificación desmontable de pequeño tamaño y completamente adaptada al medio ajardinado.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela: No se permite ningún tipo de parcelación que altere la estructura de la propiedad representada en los planos, aunque será admisible la concesión de derechos de explotación temporal de determinadas áreas.

Condiciones de ocupación: La ocupación máxima de la parcela será del 1%.

Ocupación bajo rasante: No se permite más edificación bajo rasante que para su utilización infraestructural dentro del 1% máximo.

Condiciones de volumen: El volumen de la construcción no está sujeto a ninguna otra determinación que la de cumplir el resto de los parámetros de la edificación.

Edificabilidad: La edificabilidad máxima es de $0,01 \text{ m}^2/\text{m}^2$.

Altura de la edificación:

Número de plantas: el número máximo de plantas será el de 1 planta contadas desde la rasante del terreno en contacto con la edificación. Es decir, sólo se permite la planta baja y la utilización de su cubierta como terraza.

Altura de la cornisa: la altura máxima será de 5 m. medida desde la rasante del terreno más desfavorable.

Altura de coronación: La altura de coronación máxima será la de 7 m. medidos desde la rasante del terreno más desfavorable.

Altura de plantas: La altura libre mínima de cada planta será de 2,60 m. y de 2,90 m. entre forjados cuando lleven falso techo con instalaciones.

Elementos arquitectónicos: No se computarán a efectos de edificabilidad la planta única bajo cubierta que quede por encima de la altura de cornisa y dentro de los paños de cubierta que, arrancando de la línea de cornisa, formen una pendiente máxima de 30 grados.

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 80 cm.

Condiciones ambientales y estéticas: La edificación no estará sujeta a ninguna forma o condición predeterminada, quedando libre para resolver su programa con toda libertad. Se dará la mayor importancia al ajardinamiento de los espacios libres y al tratamiento de las zonas peatonales con objeto de establecer espacios de relación con el medio.





4.- Visto o escrito presentado por **Manuel Antonio Rivas Guillán**, de data 03/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.123), no que solicita certificación sobre a natureza rústica da parcela con referencia catastral nº 15074A838003750000ZD.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 15/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A838003750000ZD

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 17/12/2002, a finca con referencia catastral arriba indicada está clasificada como Solo Rústico Común.

5.- Visto o escrito presentado por **Manuel Sieira Laranga**, de data 09/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.514), no que solicita certificación sobre a natureza rústica da parcela con referencia catastral nº 15074A838002640000ZY.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 15/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A838002640000ZY

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 17/12/2002, a finca con referencia catastral arriba indicada está clasificada como Solo Rústico Común.

6.- Visto o escrito presentado por **Mª Carmen Villa Seráns**, de data 03/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.128), no que solicita certificación acreditativa de que o local dedicado a autoescola situado en Praza Otero Goyanes, 12-1º, Riveira (actualmente Porta do Sol), cumpre a normativa para exercer a actividade.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico favorable do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/05/2017, e visto o informe/Acta de comprobación favorable emitida polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 12/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Informe Aparellador Municipal:

"O obxecto deste informe é a acreditación de que o local sito en Porta do Sol 12-1º oficina 2 (antiga Praza de Otero Goyanes 12-1º oficina 2) cumpre as condicións esixidas pola normativa municipal para exercer a actividade de autoescola.





Visítase o establecemento o día luns, 08 de maio de 2017 e se comproba que en relación á vixente licenza de actividade para autoescola a nome MCVILLA, S.C. non se realizaron cambios no establecemento polo que de hoxe o local reúne os requisitos esixidos pola normativa municipal para a actividade de autoescola."

Informe Técnico Municipal de Medio Ambiente:

"Emítase a presente acta aos efectos de informar á Alcaldía se as instalacións nas que se pretende exercer a actividade de *AUTOESCOLA*, sitas na praza Otero Goyanes, núm. 12, portal 2, entresollado 2, desta cidade, se axustan á documentación técnica obrante no expediente de aperturas de referencia 23/2014, no relativo aos aspectos de índole ambiental.

Na data de hoxe, día 12 de maio de 2017, a instancias da Alcaldía, xírase visita de comprobación ao establecemento no que se pretende exercer a actividade en presenza de D. Francisco Javier Suárez Rodríguez, DNI 44.847.620-N (M.C. VILLA S.C.).

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar se a situación, instalacións... se axustan á documentación técnica aprobada:

Proxecto "PROYECTO DE ACTIVIDAD PARA CENTRO DE ENSEÑANZA DE CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS" - INCLUYE UNHA CERTIFICACIÓN TÉCNICA DE SOLIDEZ E SEGURIDADE DE DATA 10/04/2014

Autor D FRANCISCO A. FRAGOSO PENA, ARQUITECTO TÉCNICO

Data 10 DE ABRIL DE 2014

E constatei que se axustan basicamente á documentación técnica referida, con leves diferenzas na distribución de mobiliario da zona de recepción, sen incidencias no percorrido de evacuación.

A continuación examínase se se adoptaron as medidas correctoras impostas na licenza e constatei que foron adoptadas correctamente.

Compróbase o estado das unidades correctoras para determinar, a súa eficacia e se son suficientes, para garantir a protección do medio ambiente, de acordo cos valores de referencia que se sinalan na normativa vixente. O estado xeral das unidades correctoras e o seu funcionamento son adecuados.

Atendendo ao exposto informo de xeito favorable".

7.- Visto o escrito presentado por **Carmen Ageitos Sanmiguel**, de data 09/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.511), no que solicita certificación sobre a titularidade da estrada e camiño cos que linda a parcela con referencia catastral nº 4540202MH9144S0001KM.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 10/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 4540202MH9144S0001KM

Según consulta efectuada en documentación existente na Oficina Técnica Municipal se pode acreditar, que a finca con referencia catastral arriba indicada linda, polo vento Norte coa Avenida Buenos Aires (AC-303) de titularidade autonómica e polo Sur coa Rúa Falcato, de titularidade municipal





8.- Visto o escrito presentado por **Sara Varela Willis**, de data 11/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.633), no que solicita certificación urbanística das parcelas con referencia catastral nº 15074A007004210000KE e 15074A007004220000KS.

A **Xunta de Goberno Local**, vistos os informes técnicos do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/04/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

- Parcela con ref. catastral: 15074A007004210000KE

Clasificación do Solo: RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA-SERVIDUME DE COSTAS

Se emite este informe en resposta a la solicitud de **MODIFICACIÓN** DE CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA de la parcela de referencia situada en Insuela-Palmeira. Se acompaña a la solicitud fotocopias de los planos 2.13 del PXOM y del Deslinde de la Demarcación de Costas.

INFORME

La parcela se encuentra en suelo clasificado como SUELO RÚSTICO incluido en servidumbre de Costas por lo que se aplica el régimen de suelo Rústico de Protección de Costas.

Artículo 167: Condiciones particulares de los terrenos en la zona de servidumbre de protección costera.

La presente ordenanza regula los terrenos afectados por la Ley de Costas definidos entre el deslinde del dominio público marítimo-terrestre y el límite de la servidumbre de protección. En esta zona la construcción y utilización del suelo estarán sometidas a la regulación establecida por la normativa de costas, de acuerdo con la clasificación del suelo del presente Plan General, con las siguientes especificaciones:

La zona de servidumbre en suelo rústico, se clasifica como protección de costas, aplicándole la ordenanza de protección de espacios naturales S.R.P.N. 1.1.

Artículo 124: Norma de protección de espacios naturales. S.R.P.N. 1.1.

Definición de la norma zonal S.R.P.N. 1.1

Esta ordenanza comprende aquellos terrenos que por su valor ambiental, ecológico, biológico, botánico, paisajístico científicos, educativos o recreativos deben preservarse para su protección y mejora.

Ámbito:

La Zona de Servidumbre de Costas, delimitación específica establecida en los planos correspondientes de ordenación y delimitación propuesta en la Orden de 7 de junio de 2001 de la Consellería de Medio Ambiente y las islas de Ceboleros, Carreiro, Rúa, Salvora, Novo, Herbosa y Vionta.

Obras admisibles:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Únicamente se permitirá, la restauración y rehabilitación de aquellas construcciones existentes y las de nueva planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantizar la protección y la utilización racional del área a proteger, como son las instalaciones de control de acceso al área y los servicios de mantenimiento de la misma.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos:

En las zonas de las dunas de Corrubedo serán los que figuran en el "Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque del Complejo Dunar de Corrubedo y Lagunas de Carregal y Vixán".

En el resto de espacios protegidos por esta norma no se autorizará la construcción de ninguna clase de edificación, permitiéndose la explotación racional de los recursos vinculados al medio que no atenten contra los valores esenciales que se protegen.

Expresamente se prohíben las siguientes actuaciones:

Cortes del arbolado existente.

Destrucción de elementos naturales, geológicos, acuíferos, vegetales, o elementos que supongan una variación del equilibrio natural del ecosistema.

Modificación de cauces o torrenteras.

Vertido de residuos sólidos o líquidos.

El vallado o cierre de fincas que supusieran inconveniente para el normal desarrollo de especies animales autóctonas, permitiéndose únicamente aquellos cerramientos realizados con las técnicas y materiales tradicionales (cachotería en seco) y previo estudio y justificación de su adecuación.

La apertura de nuevos caminos. La mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Se resolverán las áreas de aparcamiento para visitantes que eviten la invasión de las zonas protegidas

Tipologías edificatorias:

Solamente se autorizarán aquellas construcciones de carácter temporal y desmontable o módulos prefabricados que garanticen la no alteración del medio.

- **Parcela con ref. catastral: 15074A007004220000KS**


Clasificación do Solo: RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA-SERVIDUME DE COSTAS

Se emite este informe en respuesta a la solicitud de **MODIFICACIÓN** DE CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA de la parcela de referencia situada en Insuela-Palmeira. Se acompaña a la solicitud fotocopias de los planos 2.13 del PXOM y del Deslinde de la Demarcación de Costas.

INFORME

La parcela se encuentra en suelo clasificado como SUELO RÚSTICO incluido en servidumbre de Costas por lo que se aplica el régimen de suelo **Rústico de Protección de Costas.**

Artículo 167: Condiciones particulares de los terrenos en la zona de servidumbre de protección costera.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

La presente ordenanza regula los terrenos afectados por la Ley de Costas definidos entre el deslinde del dominio público marítimo-terrestre y el límite de la servidumbre de protección. En esta zona la construcción y utilización del suelo estarán sometidas a la regulación establecida por la normativa de costas, de acuerdo con la clasificación del suelo del presente Plan General, con las siguientes especificaciones:

La zona de servidumbre en suelo rústico, se clasifica como protección de costas, aplicándole la ordenanza de protección de espacios naturales S.R.P.N. 1.1.

Artículo 124: Norma de protección de espacios naturales. S.R.P.N. 1.1.

Definición de la norma zonal S.R.P.N. 1.1

Esta ordenanza comprende aquellos terrenos que por su valor ambiental, ecológico, biológico, botánico, paisajístico científicos, educativos o recreativos deben preservarse para su protección y mejora.

Ámbito:

La Zona de Servidumbre de Costas, delimitación específica establecida en los planos correspondientes de ordenación y delimitación propuesta en la Orden de 7 de junio de 2001 de la Consellería de Medio Ambiente y las islas de Ceboleros, Carreiro, Rúa, Salvora, Novo, Herbosa y Vionta.

Obras admisibles:

Únicamente se permitirá, la restauración y rehabilitación de aquellas construcciones existentes y las de nueva planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantizar la protección y la utilización racional del área a proteger, como son las instalaciones de control de acceso al área y los servicios de mantenimiento de la misma.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos:

En las zonas de las dunas de Corrubedo serán los que figuran en el "Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque del Complejo Dunar de Corrubedo y Lagunas de Carregal y Vixán".

En el resto de espacios protegidos por esta norma no se autorizará la construcción de ninguna clase de edificación, permitiéndose la explotación racional de los recursos vinculados al medio que no atenten contra los valores esenciales que se protegen.

Expresamente se prohíben las siguientes actuaciones:

Cortes del arbolado existente.


Destrucción de elementos naturales, geológicos, acuíferos, vegetales, o elementos que supongan una variación del equilibrio natural del ecosistema.

Modificación de cauces o torrenteras.

Vertido de residuos sólidos o líquidos.

El vallado o cierre de fincas que supusieran inconveniente para el normal desarrollo de especies animales autóctonas, permitiéndose únicamente aquellos cerramientos realizados con las técnicas y materiales tradicionales (cachotería en seco) y previo estudio y justificación de su adecuación.





La apertura de nuevos caminos. La mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Se resolverán las áreas de aparcamiento para visitantes que eviten la invasión de las zonas protegidas

Tipologías edificatorias:

Solamente se autorizarán aquellas construcciones de carácter temporal y desmontable o módulos prefabricados que garanticen la no alteración del medio.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.


Visto o expediente que se tramita a instancia de **Pedro Salvador Bretal Ageitos**, mediante escrito de data 24/02/2017 (Rexistro de entrada nº 3.022), no que solicita licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas con refª catastrais nº 15074A050004980000KU – 15074A050004940000KJ e 15074A050004940001LK sitas no lugar de Teira, Corrubedo, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 15/03/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/05/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Pedro Salvador Bretal Ageitos a **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº 3/17) e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS** sitas, no lugar de Teira, Corrubedo, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de febreiro de 2017 redactado por Manuel Vidal García do seguinte xeito:

- **PARCELAS INICIAIS: PARCELA A:** Propiedade de Pedro Salvador Bretal Ageitos, con refª catastral nº 15074A050004980000KU de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 2.079,91 m², parte da mesma en SNR-B (1.936,91 m²) e parte en SRPO (143,00 m²) que linda: Norte camiño; Sur Parcela B e Nemesio Ordóñez Rey; Este camiño; Oeste José Brión Martínez.**PARCELA B:** Propiedade de Pedro Salvador Bretal Ageitos, con refª catastrais nº 15074A050004940000KJ e 15074A050004940001LK. de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 1.052,00 m², parte da mesma en SNR-B (676,43 m²) e parte en SRPO (375,57 m²) que linda: Norte Parcela A, José Brión Martínez e Pedro Martínez Sieira; Sur María Francisca Brión Bretal e José Brión Martínez; Este Parcela A e Nemesio Ordóñez Rey; Oeste José Brión Martínez.





- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:** Da **PARCELA A**, segrégase a Parcela A1, de 121,66 m² que agrégase á **PARCELA B** resultando finalmente:
- **PARCELA A:** Propiedade de Pedro Salvador Bretal Ageitos, con ref^a catastral nº 15074A050004980000KU de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 1.958,25 m², parte da mesma en SNR-B (1.815,25 m²) e parte en SRPO (143,00 m²) que linda: Norte camiño; Sur Parcela B e; Este camiño; Oeste José Brión Martínez.
- **PARCELA B:** Propiedade de Pedro Salvador Bretal Ageitos, con ref^a catastrais nº 15074A050004940000KJ e 15074A050004940001LK. de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 1.173,66 m², parte da mesma en SNR-B (789,09 m²) e parte en SRPO (375,57 m²) que linda: Norte Parcela A, José Brión Martínez e Pedro Martínez Sieira; Sur María Francisca Brión Bretal, José Brión Martínez e Nemesio Ordóñez Rey; Este Nemesio Ordóñez Rey e camiño; Oeste José Brión Martínez

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**


Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 129,89 m², resultando na franxa sita na Parcela A unha superficie de cesión de 114,92 m², e no lindeiro da Parcela B unha superficie de cesión de 14,97 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 12/05/2017, na que solicita entre outros a aprobación dos programas para a celebración da Festa da Guía (Parroquia de Carreira) e as Festas das Angustias (Parroquia de Olveira).


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar os programas para a celebración da Festa da Guía (Parroquia de Carreira) e as Festas das Angustias (Parroquia de Olveira), según a citada proposta.


RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE ARRENDAMENTO DUNHA FINCA PROPIEDAD DE DONA VENTURA AYASO SAIÑAS CO FIN DE DESTINALA A APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Mediante Decreto da Alcaldía de data 07/04/2017 resólvese iniciar o procedemento para o arrendamento da finca con referencia catastral 15074A008004390000KG, propiedade de dona Ventura Ayaso Saiñas, así como declarar que a necesidade pública que se pretende satisfacer é a de aparcadoiro municipal, e solicitar aos servizos técnicos, ao interventor e á secretaría xeral a emisión dos correspondente informes en relación co citado expediente.





2º Na data 18/04/2017, o arquitecto municipal emite informe de idoneidade da finca cuxo arrendamento se pretende.

3º Na data 28/04/2017, o arquitecto municipal emite informe de valoración do valor da parcela, así como da valoración do prezo de aluguer da mesma.

4º Así mesmo, consta no expediente a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI de don Andrés Gude Teira.
- Copia simple do DNI de dona Ventura Ayaso Saiñas.
- Copia dos datos catastrais do inmovible.
- Copia da Acta de protocolización, autorizada polo Notario da Coruña, don José Manuel Amigo Vázquez, na data 25/11/1.994, co número 2.197 de protocolo.

5º Na data 11/05/2017, o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable, no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20300, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 1.808.653,28 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
 - Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co artigo 4.1.p) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo TRLCSP), están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamentos e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmovibles, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, segundo o artigo 20.2 do TRLCSP, e en relación ao artigo 4.1. p) do citado texto legal, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos, será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *"1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5*





por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens."


A estes efectos, o TRLCSP posibilita a adxudicación dos contratos mediante procedemento negociado (adxudicación directa) cando por razóns técnicas o contrato solo poida encomendarse a un empresario determinado (artigo 170 d). Por outra banda, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertáranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considere necesario ou conveniente concertalos de modo directo.


En canto ao órgano competente para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición adicional segunda do TRLCSP, que dispón que corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin á contía sinalada. Así mesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adxudicación de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Así mesmo, corresponde ao Pleno a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Segundo.- No caso que nos ocupa, trátase do arrendamento do inmoeble que se describe a continuación:

Descrición: "AGRO DAS LEIRIÑAS", en Fafián, de cinco ferrados, o mesmo que vintecatro áreas vinte centiáreas (2.420 metros cadrados), que linda: Norte e Este, camiño; Sur, de herdeiros de Dolores Casais; e Oeste, de herdeiros de Concepción Colomer.

Título: Acta de protocolización de partición de bens, autorizada polo Notario da Coruña, don José Manuel Amigo Vázquez, na data 25/11/1.994, co número 2.197 de protocolo.





Referencia catastral: 15074A008004390000KG.

Categoría de solo: Solo Urbano consolidado.

Cargas: Non consta a existencia de cargas.

Non temos datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Propietario: Dona Ventura Ayaso Saiñas, con Documento Nacional de Identidade número 33085510-X.

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar do contratista.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder ao arrendamento do ben inmovible, consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 28/04/2017, no que se valora o inmovible nun total de 790.765,25 euros.

Así mesmo, e en relación ao valor mensual do aluguer, o arquitecto municipal dispón o seguinte: *"No presente caso e por asimilación e comparación con outra finca urbana e localizada a escasos metros, e no que o Concello ten asinado un contrato de arrendamento no ano 2015 para aparcadoiro municipal. Aplicando, asemesmo, as oportunas ponderacións; de accesibilidade, infraestruturas urbanas no entorno da finca obxecto de valoración, concluímos que o valor de aluguer axustado ao presente caso, e a partires da situación urbanística da parcela e o conseqüente valor de mercado do inmovible, este ascende á cantidade de 500 euros (ive incluído /mes)."*

Polo exposto, e aplicando o criterio recollido no artigo 92.1 do RB en sentido inverso, e tendo en conta que o canon ao que se refire o citado artigo, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que se pode apreciar que o prezo mencionado no informe pericial de 500 euros ao mes (ive incluído), está moi por debaixo do valor mensual en aplicación do artigo 92.1 do RB:

<i>Valor total</i>	<i>Valor anual</i>	<i>Valor mensual</i>
<i>790.765,25 euros</i>	<i>47.445,91 euros</i>	<i>3.953,82 euros /mes</i>

A especial idoneidade do inmovible resulta xustificada en informe emitido na data 18/04/2017 polo arquitecto municipal: *"A presente parcela de natureza urbana conta con acceso rodado público a traveso da rúa Alcalde Fernández Bermúdez, e enclavada dentro do entramado de solo urbano consolidado. Por outra banda, cabe significar que se atopa a escasos metros doutro aparcadoiro municipal; o emprazado noutra finca particular e obxecto de recente contrato de arrendamento (ano 2015) para este mesmo fin, no lugar de Cubeliños. A parcela, de 2.420 m2/escrituras, atópase moi preto do centro do Concello e a menos de 500 metros da praza consistorial, resultando tanto a súa propia xeometría e a localización idóneas, toda*





vez que nas inmediacións da mesma tampouco atopamos unha parcela destas características para albergar este uso (aparcamento público ao aire libre). E por outra banda, a súa proximidade co centro urbano (Concello, mercado municipal, establecementos terciarios, etc.), así como a demanda efectiva de prazas de aparcamento da zona, confiren á presente parcela un interés notable de cara ao fin que se pretende dar."

En informe emitido na data 11/05/2017, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

De conformidade cos artigos antes citados (artigo 170 d) do TRLCSP e artigo 124 da Lei 33/2003), pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmovible.

Tendo en conta que o prezo total do contrato, co importe acumulado das catro anualidades é de 24.000 euros, a razón de 500 euros mensuais, IVE incluído, e de conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada nin a duración dos catro anos, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/05/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Primeiro.- Arrendar o inmovible coa referencia catastral 15074A008004390000KG, descrito no fundamento de dereito segundo, propiedade de dona Ventura Ayaso Saiñas, polo prezo de 500 euros mensuais (IVE incluído), e con suxeición ás seguintes cláusulas:

1ª A duración do contrato é de 4 anos, sen posibilidade de prórroga algunha, contados desde a data de formalización do contrato en documento administrativo. Os arrendadores poderán solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

2ª O pago das mensualidades realizarase a mes vencido, mediante ingreso na conta bancaria que ao efecto indique o arrendador.

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do mes seguinte ao que corresponda.

3ª O inmovible arréndase para destinalo a aparcadoiro municipal.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

4ª O Concello, como arrendatario, utilizará o inmoble para destinalo ao uso público antes referido, e serán da súa conta as obras necesarias para adaptar o inmoble ao fin para o que se arrenda, mantendo o inmoble en perfectas condicións.

5ª O arrendador terá, ademais das obrigas dispostas no artigo 1554 do Código Civil, a de consentir as obras necesarias para a configuración do inmoble como aparcadoiro municipal.

6ª A extinción por transcurso do termo convido do arrendamento do inmoble non dará lugar a indemnización.

7ª Se no período de vixencia do contrato de arrendamento aparece un comprador interesado na adquisición da finca obxecto do contrato, producirase a extinción do mesmo sen dereito a indemnización. A estes efectos, os arrendadores comunicarán ao Concello de maneira expresa a súa vontade de extinguir o contrato pola causa referida, e farano cunha antelación mínima dun mes.

8ª As causas de resolución serán as previstas no Dereito Privado.

9ª O presente contrato ten carácter privado e réxese, en canto á súa preparación e adxudicación, pola lexislación de contratos do Sector Público e, en canto aos seus efectos e extinción, polo dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será competente para coñecer as cuestións derivadas da preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdiccional civil será competente para coñecer as cuestións derivadas dos efectos e extinción do contrato.


Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 18 de maio de 2017

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle